

MARUXÍA

A memoria de Feliciano Rolán Vicente
Poeta, DE MAR A MAR
e os Mariñeiros de A Guarda,
que coa invención da Gamela,
fixeron do seu oficio un arte.

Alma mía, bajel del sueño de mi yo, abraza este silencio,
Único testigo de tu ser eterno.

DE MAR A MAR
Feliciano Rolán.

Vella gamela solitaria,
varada en calquer porto

A Ricardo Rodríguez Vicente
polos anos de loita.

ou esquecida na praia.

Neste meirande océano de singladuras,
ti estás aí, na lembranza dun tempo que nunca pasa
porque eres a raíz dun oficio feito arte.

Xa e hora de partir, lévame contigo,
as lonxanas illas,
donde se perde o vento e tremece o silencio.

Quero perder a razón do tempo
polas túas roitas infindas.

Se ti superas, cuantas veces te vexo embelicado
e surco co pensamento

Os anos e os mares das túas mocidades.

Chégame que ti me comprendas
pra facer mais meus estes versos.

Pranto pola morte de Xoán Rafael
Hoxe navegante solitario,
Na súa gamela de estrelas.

Tiñas que morrer cerca do mar
primo irmán, compañeiro
por que o mar era en ti, sentir e penar
E por que eras mariñeiro.

Era a hora en que os ánxeles
saen o encontro das almas fenecidas.
A hora en que a noite vístese de luto,
pra chorar a última morte,
e sorrir as novas vidas.

Tiñas que morrer cerca do mar
ese mar de fondo sentimento,
donde unha gamela de argazo botóuse a voar
pra navegarte ate o eterno.

Frente o océano
entregaste a túa alma mariñeira.

O último alento espirou,
sobor o asfalto da ribeira.

Tiñas que partir,

era o teu destino.

A túa lembranza faime revivir

a túa faciana de meniño.

Dende a lonxana orela,

de garcias en tropel,

oíse o marmurio chorar da gamela

po la túa ausencia Xoán Rafael.

Dende o fondo do mar,

sube Neptuno

ate o peito da túa sinxeleza.

Sirenas e corales levante do mundo,

da espuma en ronseles de beleza.

Teu corpo de luar estrelecido,

abandonouse na estancia das infindas horas,

e dende o fondo do mar que está dormido,

todalas ninfas por ti choran.

¡Ai morte que me roubas tanta vida!

¡ai morte que me matas de penas!

Ando entre silencios a escondidas,

e a morte faise surco nas miñas venas.

Sinto tremer a ausencia,
sinto door soio en mín
non podes tí seguir dormido,
E eu impotente ollarte así.
De luto vestíronse as sirenas,
Pra chorarte Xoán Rafael,
e as ondas coas súas bágoas teceron,
sorrisos tristes con sabor a fel.
Quero entrar en tí e na calavera,
Ate o mais fondo do teu sentido.
Dormir na terrible borracheira
De bágoas e pranto adormecido.

Polos outos penedos do teu mar,
ese que tí levaste dentro,
navegarás na lembranza dun cantar,
murmurios de escumas e segredos.

A Emilio Álvarez Blázquez
inmemorian
poeta

Sempre veño mar,
a ollar o teu arelo,
meus ollos pérdense nas túas augas,
afondando nos teus peitos
de nai parideira de teitos
de loucos namorados.
Os nosos corazóns acompasados,
siguen petando perto,
que eu dormido ou desperto,
sempre soño contigo,
que eres o meu amor e o meu amigo.
Alén de outro mundo e de outro abrigo.
donde aí un mar, aí un feitizo.
De min as lle de falar.

A Emilio Rolán

Quen tantas veces surcou
as profundidades dos oceanos.

Quixen gardar o segredo desta hora
en que a miña inspiración fíxote verso.
Sobor o teu meirande brazo de forza e plenitude
eu escribo.

Que iluso, querer gardarte nun verso,
sabendo que eres infindo.

Quen pode comprendernos,
a ti nun verso, e a min no que digo.

Soio un loco pode, a ti amarte,
e a min dar creto o que escribo.

A Ramiro
Por ser un marineiro forte,
E querer morrer no mar.

Mar de A Guarda, Teño que vir a ti
dende a lonxana voz de outros tempos
pra acadar nun intre,
a miña paixón de namorado
nunha aperta de auga e silencio.
Teño que vir a tí !
pra facerte mais meu na inmensidade,
do lonxano horizonte que te crobe,
e te empresta o brilo desta hora.
Teño embexa da serán!
E a te das peñas, que te bican, te aloumiñan
e te gardan.
Teño embexa do silencio que te fala !
con verbas fermosas e ternas,
Dunha brisa de calquer anopitécida tarde.
Teño embexa de quen así te fixo,
e a min non me misturou nas túas augas,
pra sorrir coas ninfas,
e contestarte nese idioma de marmurios,
en que ti falas.

A Eliseo Alonso
e o seu barco,
Alma Sur.

Alma Sur.

Lembranza fermosa

da veira do Miño.

Frente a ti Vila Nova,

coa súa voz agarimosa,

bailando o seu Fado,

e ti no teu engado

bailas a Muiñeira,

con un fondo de aturuxo

e alma mariñeira,

sobor as túas zocas de buxo.

Deatras de ti Goián,

baixo as gaivotas de Xoán Piñeiro,

terra donde o arte e un vieiro,

sin derradeiro finar.

Tremecen os pinceles de Antonio Fernández,

na súa pintura.

Seu lenzo respira vida,

en cada figura.

E ti te alouminas

no berce das horas,

baixo as estreliñas,

que na noite xogan.

Namentras o vento xoga contigo,

Cantándote trovas, de amor e de amigo.

Alma Sur.

Pra ti estes meus versos dende a lonxanía.

Contigo viaxarei devagariño.

Ti serás a reina do Miño,

e eu o teu vixía.

A Xoaquín Cadilla e María Castro
Mariñeiros

Son os surcos da túa cara

son as túas máns e a tua alma.

Son as garcias aceiradas.

O espello e a túa ollada.

mariñeiro a tua lonxanía,

impasible de silencios.

Son as redes que te atan

e a ledicia de ser ceibe,

Baixo un ceu que non acadas.

Soio ti sabes de mar,

pois levas cheiro de argazo,

e no teu hombro unha gaivota,

cada mañán te canta,

e pra ti Mariñeiro,

non ai no mundo outra estampa.

Manuel Cadilla
Mariñeiro

Que importa o que eu diga,
se ti io sintes.

Ou belido mar! Aceirado de pétalos
coloreados coa túa alma.

Soio as sirenas saben, o segredo da túa hora.

As gamelas vixian, o teu entretenido sono.

O vals das gaivotas, adormece o teu silencio,
e en ti dorme a esperanza
do abrente mariñeiro.

Hoxe larguei as velas,
xunto os arrecifes e o vento,
E apaguei as luces, pra misturarte coas estrelas.

O escoitar o teu chapoteo
doce de amor e silencio,
emocionóuseme a man,

Pra envolverte no meu verso.

As bágoas da miña alma xa descansan no teu peito
e o meu barco de lobo de mar,
mansamente desexate.

A Magín Picallo
escultor

Baixo os meus ollos un libro,

E a alma quieta.

Nas miñas mans un rosario

despeza que te despeza,

as oracións dun soño

que a sotavento navega.

Pra Abreu Bastos e Elsa Perez
Pintores de formas e imaxenes.

A espiritualidade da túa auga,

encontroia no teu silencio.

Mar de sempre,

anceio cada intre, cada doce embestida

das tuas ondas.

Sun como unha gamela soedosa,

que surca as tuas augas.

De Norde a Sul, van contigo,

os meus versos de amante e amigo.

Todo-los meus versos,

son oracións que falan de ti.

Verde estampa marineira.

Ondas que alouminan,
as gamelas da miña ribeira.

Soño dun vello Mariñeiro,
que voan vento en popa,
buscando nas augas da ribeira,
a súa nenez louca.

Soio, na túa gamela
frente o mar en calma,
e o pensamento sin alma, rema que rema.

Hoxe fronte a esa gamela dun tempo esquecido,
tí tocas esa vella vela, e choras a vellán,
con amargura de castigo.

Tantas cousas son as que aí dormen,
foi tan grande a ilusión
e e tan medrosa a morte.

Pra Antúnez Pousa
Escultor

Vello capitán de longa barba branca

ti que levas contigo, un cancionero de estrelas,

e un belido libro de estampas.

Un balbordo de imaxenes arrúganse baixo a túa gorra,

desgastada po-los embates da maruxía.

¿Capitán que teñen os teus ollos?

¿de que lonxanias e tristuras están feitos ?

¿Cual foi a derradeira oración que xunto cos teus mariñeiros

erguestes o ceu a o són de canción?

¡Virá a estribor capitán !

Cambia o rumbo.

O teu timonel vai ferido.

Unha sirena rouboulle o corazón.

Mira como se escurre na auga.

Capitán, teu barco naufragará.

Pra Alicia Alonso
pintora

Hoxe teño que escribir, por que non podo...

O infindo tempo, despedázase en anacos,

e eu soño desperto.

Namentras escribo, atormentada alma sofre

a badelazos do meu corazón.

Hoxe teño que escribir por que o sinto,

E por que non podo...

O sentimento, cicais por que o silencio óllame,

Cos seus ollos infindos.

O meu mar e o teu,

silandeiro de ventos,

entre noites e estrelas.

O meu mar son os teus beizos,

perdidos entre a néboa.

Si superas cuantas ondas,

navegan po-la espera,

e os teus abrazos como remos,

empuxan os latexos da miña gamela.

Soio io saben as nosas almas,
relicario de ausencias ledas.
Que sexan un duelo no aire,
os nosos bicos,
perdidos enriba do mar como un feitizo.
Que o meu barco de gaivotas,
tremeza na túa entrega,
ou que desemboque nos teus ríos,
como nunha primaveira.
Que se abran as magnolias,
os camelios e os teus silencios,
como un verán de segredos infindos,
que nace na túa espera.

Pra Alfonso Pesegueiro

Teno tempo pra esperar, o voo da gaivota,
o eterno cruxir do mar,
a silandeira minudencia,
dun doce batuxar.

Riveira de doces cantos,
enxebres de pescadeiras,
donde o cantar dos grilos,
confúndese co da taberna.

Son en ti os vellos a historia,
e as máns nas argacéiras.

A xente pensa que ti non me falas,
pro en entendo as túas verbas.

Miña ribeira louca, tola de sucedimentos,
mañán seguimos falando.

Hoxe, mañan e sempre,
eu quérote a ti e a túa xente.

Pra Dino Pacio
Quen tamén ama o mar

Entre dúas augas, o vento e a miña soedá,
silandeiro sufrimento,
dunha gamela sentimental.

Súas asas son espuma branca,
infindo memorial,
de argazo e estrelas.

Entre dúas augas navego soio,
sin chegar a ningunha praia.

Eternamente camiño no mar,
sin voltar os ollos atrás.

Eternamente po-lo infindo
crepusculario da morte,
surco entre dúas augas,
a miña gamela, infinda de saudades.

A Caino
Pintor do mar de Baiona

A miña patria e o mar,
corpo de auga, sombra de Lúa,
beizos do vento.

Remuíños de cidades,
baixan po-los teus segredos,
e o marmurio das ninfas,
sorrín po-los penedos.

A miña patria e o mar
cos seus brazos de sargazo
e bicos de virxe salada.

A ti que te abanan os anxos,
e te gardan as gamelas,
que te canta Orfeo coa súa lira solitaria.

Mar de palabras húmidas,
que chegas até Ithaca.

A miña patria e o mar,
que a lo lonxe, rómpeme en saudades,
e fai do meu silencio unha bandeira,
que busca a túa praia.

A Loli

Sei que vibrarás co meu poema
pero non o digas, calaio
pra que asi sea mais lonxano o meu sofrimento.

Sei que seguirás compartindo connmigo,

Este naufraxio do destino.

Caladamente como até agora,

co teu sorriso de mapoula,

como te lembrarei sempre.

As veces teño medo de que te me marches,

Entre lusco e fusco, como o resto dunha

Onda que devala.

As veces teño medo desta travesía,

E agárrome o teu nome,

Coa forza do amor e da auga.

A todos os nenos mariñeiros

Pequeno neno mariñeiro

co sorriso nos beizos.

Dormes na sombra da lúa

baixo os outos penedos.

Soñas con crecer e ser grande,

pra ir o mar.

Pra navegar en solitario,

coa túa gamela,

feita de soños e arelos.

As de crecer, pequeno neón mariñeiro,

pra sulcar os mares e terras

que onte foron cantar de berce

e hoxe, fermoso segredo

Os mariñeiros do VELASCO II

Quixen escribir unha elexía

e nun poden.

Xelaronseme as bágoas.

Mirei o ceu, Deus non dixo nada.

Neptuno xuróume polo seu pai,

que non foi súa a culpa.

E eu pregunto: ¿ Quen os asasinou ?

Erades once, casi tantos como os apóstoles.

Compañeiros...

Meus irmáns da Vila de A Guarda,

Chegoume co luto da noite, a nova da vosa morte.

As rúas silandeiras gardan silencio,

mentras o lonxe escribo estas verbas,

que me roen de raíba e pena.

Meus irmáns de A Guarda,

A vosa morte fíxose hoxe poema.

Volvo a ti cada verán, meu mar.

Mar antigo de lembranzas

mar de pedra e de auga

mar de fe (Virxen do Carmen).

E túa a eternida

na morte do mariñeiro.

Volvo a ti cada verán

pra profamar os teus segredos.

Mar meu, mar

amante do poeta.

Bico as tuas mans

feitos de ondas lenes

e móllome nos teus labios

pintados de ribeiras

Volvo a ti cada verán

mar de lonxe que aquí chegas.

Mar de vivos, mar de mortos

eu non sei que ti tes

que me tes tan namorado.

O VENTO

O vento canta, baixo o sol da tarde

Que devala,

Na lingua da escuma,

Contra a uniforme pedra,

Desnuda e Atlantica.

O vento marmuria

Cancions de tolo,

Na area da praia.

Alo en Fedorento

Donde a membranza faise,

Imaxen da nenez acrecentada.

E o vento fala

Namentras choro

Paisaxes na ventana